



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 17 DE SETEMBRO DE 2026.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día dezasete de setembro de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 1 DE SETEMBRO DE 2026.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 1 de setembro de 2026.

2.- AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2026-2027.- Pola Presidencia trátase o asunto da concesión de axudas aos alumnos matriculados no curso 2026-2027 no segundo ciclo de Educación Infantil ou nalgún curso de Educación Primaria ou Secundaria, e empadroados no municipio de Beade.

O importe a conceder sería de 30 € por alumno, previa petición dos interesados, sendo a concesión automática de reunir os requisitos para a obtención da axuda que se establecen na folla de petición da axuda, dado que existe crédito presupostario para atender tal gasto.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta da Presidencia, así como a folla de petición da axuda e requisitos nela establecidos.

3.- APROBACION PADRON COBRATORIO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS 2026.- Remitida pola A.E.A.T. a matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas correspondiente ao exercicio do 2026, procedeuse a súa exposición o público.

Por esta Entidade procedeuse á confección da correspondente lista cobratoria do I.A.E. 2026.

Unha vez revisada a mesma, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o Padrón cobratorio do presente exercicio.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro